

Criterios de Avaliación / Corrección

CONVOCATORIAS DE XUÑO E SETEMBRO

Con carácter xeral, son válidos os criterios fixados no DOGA. Valorarase así mesmo a capacidade do alumnado para encadrar adecuadamente as características xerais do período obxecto da pregunta teórica, o seu axeitado encadre histórico, a valoración da figura e obra do compositor/es correspondentes ós enunciados teóricos ou das audicións, a referencia ás formas musicais obxecto de exame etc., achegando cantos máis datos se poida sobre os devanditos aspectos, con precisión e utilizando terminoloxía musical.

En canto á proba específica de audición, valorarase que o alumno/a poida encadrala adecuadamente no seu período histórico exacto, recoñecendo, a ser posible, a obra de que se trata; así mesmo, determinar a súa forma musical, os instrumentos e/ou voces que nela concorren, os trazos estilísticos que a caracterizan e o lugar que ocupa na produción musical do compositor naqueles casos nos que esta información poida obterse ou deducir da audición.

Tanto na pregunta teórica como nas definicións ou na audición valorarase positivamente calquera referencia de carácter xeral que teña relación coa pregunta en cuestión.

Todos estes aspectos deberán ser desenvolvidos con lóxica interna na que prime, ademais dos criterios antes sinalados, a non existencia de ideas contraditorias ou incompatibles dentro do mesmo comentario en particular, e en xeral de todo o exame.

CUALIFICACIÓNS

1.- Habrá dous bloques, teórico / práctico, que globalmente terán a puntuación de 6 / 4 (6 o teórico, 4 o práctico).

Teórico: (6 puntos)

Tema: 4 puntos

Definicións: 2 puntos

Práctico: (4 puntos)